



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5A - 4º
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tef.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
Correo electrónico: dxal@xunta.es

galicia

CIRCULAR EN RELACIÓN AS AUTORIZACIÓNS MUNICIPAIS PARA VERBENAS E FESTAS POPULARES EN GALICIA (ART. 42 LEI DE EMPRENDEMENTO E COMPETITIVIDADE ECONÓMICA DE GALICIA)

PRIMEIRO – As entidades locais, de acordo co establecido na Lei de Medidas Urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2013 do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, seguen a ser competentes para outorgar as licencias en materia de verbenas e festas populares, no caso de que esta sexa necesaria, debendo para elo aplicar o art. 42 da Lei de emprendemento e competitividade económica de Galicia.

SEGUNDO – As verbenas e festas populares celebradas nun so municipio e sen a instalación ou escenarios móbiles, non precisarán de licenza municipal, resultando suficiente para a súa celebración a comunicación previa ao Concello.

Tampouco precisarán licenza municipal aqueles eventos organizados directamente polos Concellos no seu respectivo ámbito territorial, aínda que deberán cumprir as mesmas medidas de seguridade que se esixen en cada caso aos promotores ou entidades privadas.

TERCEIRO – Nos casos en que sexa necesaria a licenza municipal porque se vaia a utilizar un escenario ou estrutura móbil, a esixencia de proxecto técnico a que se refire o art. 42.1 b) quedará cumprimentada coa aportación da seguinte documentación:

- Seguro de responsabilidade civil
- Información sobre o tipo de espectáculo, previsión aproximada de asistencia de público e horario da actuación
- Boletín eléctrico da instalación (asinado por técnico competente)
- Declaración de conformidade do fabricante CE e copia da documentación da ITV conforme, correspondente ao escenario móbil ou documento análogo acreditativo do estado de idoneidade do mesmo (asinado por técnico competente)

CUARTO – O Plan de autoprotección ao que fai referencia o art. 42.2 so será esixible nos casos seguintes:





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Administración Local

Praza de Europa, 5A - 4º
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221
Fax: 981 546 569 - 881 997 599
Correo electrónico: dxal@xunta.es

galicia

- Espazos pechados con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m
- Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforo igual ou superior a 2.500 persoas
- Ao aire libre, en xeral, aquelas cunha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.

En Santiago, a 11 de xuño de 2014

Director Xeral de Administración Local



Presidente da FEGAMP

fegamp

FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS

Presidencia

